

**CONDICIÓNS ESIXIDAS PARA SER PERSOAS BENEFICIARIAS NA CONVOCATORIA DE HORTOS URBANOS:**

Poderán ser beneficiarias e beneficiarios das autorizacións municipais de ocupación dos hortos urbanos as persoas empadroadas no municipio de Lugo que, efectivamente, residan na localidade, e que cumpran ademais cos seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física maior de idade
- b) Encontrarse capacitada/o fisicamente para a realización das labores agrarias para desenvolver no horto.
- c) Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Lugo.
- d) Non estar en posesión, tanto a persoa solicitante coma o seu cónxuxe e outros membros da unidade familiar, doutra parcela de horto urbano no municipio de Lugo.

Excepcionalmente, sempre que non houberse un número suficiente de solicitudes, poderán ser persoas beneficiarias do uso e goce dos hortos aquelas persoas residentes de forma temporal no municipio que non se atopan empadroadas nel.

O Concello comprobará de oficio o empadramento e residencia efectiva da persoa solicitante no municipio de Lugo, así como o cumprimento da obriga de estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Lugo.